



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Web://www.concellocarral.com Sede Electrónica://sede.carral.es Email: correo@carral.es

ACTA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DUNHA PRAZA DE ADMINISTRATIVO/A, FUNCIONARIO DE CARREIRA, PARA A RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS POLOS ASPIRANTES AO SEGUNDO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN

PROCESO: administrativo/a

ACTA nº 7 (resolución de alegacións presentadas ao segundo exame)

EXPEDIENTE Nº: 2025/E001/000003

DATA: 9 de febreiro de 2026

HORA COMEZO: 11.00 horas

LUGAR DE CELEBRACIÓN: Salón de plenos do Concello de Carral

ASISTENTES:

Presidente: D^a. Sonia Campos Ares, funcionaria de Carreira do Concello de Carral

Secretario: D^a Eva Jardón López, Funcionaria de habilitación nacional

Vogais:

D^a Noemí González Mato, interventora do Concello de Carral.

D^a Belén Viqueira Tasende, técnica local de emprego do Concello de Cerceda.

D^a M^a Isabel Carro González, técnica de orientación laboral do Concello de Abegondo.

En Carral (A Coruña), na data e hora ao comezo indicados reúnen as persoas arriba relacionadas, nomeadas por resolución da alcaldía 484/2025, do 31 de outubro de 2025 (BOP nº212, do 5 de novembro de 2025), ao obxecto de proceder á resolución das alegacións presentadas polos aspirantes referidas ao segundo exame da fase de oposición.

Asistindo a Presidenta, a Secretaria e os vogais sinalados procédese á apertura do acto.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Web://www.concellocarral.com Sede Electrónica://sede.carral.es Email: correo@carral.es

Manifesta a presidenta que a responsable do rexistro emitiu o informe que de seguido se transcribe en relación coas reclamacións presentadas:

“ Dona María del Carmen Rodríguez Rodríguez, auxiliar administrativa no rexistro municipal do Concello de Carral, INFORMA:

Que en relación co proceso selectivo para a cobertura dunha praza de administrativo C1, presentáronse ás seguintes alegacións, adxúntase un informe onde se sinala as que constaban no rexistro municipal do Concello:

REXISTRO Nº 202699900000103(22/01/2026)

SARA PALLAS ALDAO

REXISTRO Nº 202699900000107(22/01/2026)

ANA ISABEL SANDE GRELA

REXISTRO Nº 202699900000108(23/01/2026)

ALBERTO RUIZ VALENCIA

REXISTRO Nº 202699900000117 (25/01/2026)

IGNACIO RAMÓN SUÁREZ EXPÓSITO

REXISTRO Nº 202699900000119 (25/01/2026)

IGNACIO RAMÓN SUÁREZ EXPÓSITO

REXISTRO Nº 202699900000121 (25/01/2026)

MARÍA BELÉN LOURES BARREIRO

REXISTRO Nº 202699900000127 (26/01/2026)

MARÍA JOSÉ COIRA LÓPEZ

REXISTRO Nº 202699900000129 (26/01/2026)

PAULA GONZÁLEZ PAZOS

REXISTRO Nº 202699900000177 (04/02/2026)

PAULA GONZALEZ PAZOS

REXISTRO Nº 202699900000178 (04/02/2026)

MARÍA JOSÉ COIRA LÓPEZ



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Web://www.concellocarral.com Sede Electrónica://sede.carral.es Email: correo@carral.es

E para que conste aos efectos oportunos expido a presente. Carral, na data da sinatura dixital.”

Procédese ao estudo e análise destas:

- Dona Sara Pallas Aldao solicita copia do exame do caso práctico e copia da acta de resultados do primeiro exercicio tipo test (notas) da fase de oposición: facilitáronselle ambas.
- Dona Ana Isabel Sande Grela, don Ignacio Ramón Suárez Expósito, dona María José Coira López e dona Paula González Pazos solicitan copia do exame do caso práctico: facilitouselle copia a todos/as os/as solicitantes.
- En relación coa alegación presentadas por don Alberto Ruíz Valencia (RE 202699900000108) na que expón:

“(…) Primero.

Que en el acta publicada el 19 de enero de 2026 se publican las puntuaciones correspondientes al segundo ejercicio de la fase de oposición, desglosadas por preguntas y subcriterios.

Segundo.

Que al aspirante que suscribe se le ha otorgado una puntuación total de 10,90 puntos, observándose diferencias significativas en la valoración del subcriterio denominado “conocimientos teóricos” respecto de otros aspirantes cuyas puntuaciones totales y estructuración de respuestas son comparables.

Tercero. Que el acta no contiene motivación individualizada alguna que permita conocer:

- qué elementos concretos del ejercicio justifican la minoración de la puntuación en dicho subcriterio,
- ni qué criterios objetivos se han aplicado para diferenciar la puntuación otorgada a este aspirante frente a otros.

Dicha ausencia de motivación impide conocer las razones efectivas de la calificación, dificultando el ejercicio del derecho a la defensa y a la tutela administrativa efectiva.

Cuarto.

Que, sin cuestionar la discrecionalidad técnica del tribunal, esta debe ejercerse conforme a



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Web://www.concellocarral.com Sede Electrónica://sede.carral.es Email: correo@carral.es

los principios de igualdad, mérito, capacidad, razonabilidad y coherencia, siendo exigible una mínima explicación cuando se aplican criterios valorativos desglosados y cuantificables.(...)

Este tribunal considera que a motivación concreta e suficiente da puntuación outorgada no subcriterio “coñecementos teóricos” foi publicada nas bases e desglosada na acta; os demais apartados foron puntuados polo tribunal segundo o seu prudente criterio e revisado o exame o tribunal mantén, por unanimidade, a puntuación inicial.

- En relación coa alegación presentada por dona María Belén Lourés Barreiro (RE 202699900000121) na que expón:

“1- En el acta nº 4 (relativa a la preparación e realización del segundo examen), publicada en el tablón de anuncios del Concello de Carral el 19 de enero de 2026, se recoge la distribución detallada de la puntuación que se le va a da a cada respuesta del examen. Se indica puntuación si se menciona la normativa específica y los artículos en cada cuestión, (en la primera pregunta de 0,45 puntos, etc ...), así como más o menos puntuación si se contesta con más o menos profundidad de conocimiento a diversas partes de cada una de las preguntas del caso práctico planteado. No todas las respuestas dentro de cada pregunta se valoran igual.

- Esta información detallada de valoraciones no se indicaban en el enunciado del examen de ninguna de las preguntas de dicho caso en el momento de la realización del mismo, ni tampoco se publicaron en el tablón de anuncios con anterioridad a la realización de dicho examen el día 12 de enero de 2026, (ya que se publicaron con posterioridad en el acta nº 4 el día 19 de enero de 2026). Tampoco figuraba en las bases de la convocatoria, (publicadas en el BOP 12, mayo 2025), sólo una mención genérica de puntuación de corrección.

- Este desconocimiento hizo que no contestase con más desarrollo en las partes más puntuables, puesto que sólo se indicaba que cada pregunta valía 5 puntos de forma genérica si se entendía lo que se estaba preguntando y se respondía de forma clara, directa, precisa y breve sin dar informaciones innecesarias.”

O tribunal manifesta que os criterios empregados para a corrección son os publicados nas bases que rexeron este procedemento e que foron publicadas no BOP nº 88, do 12 de maio de 2025, mentres que o desglose dos mesmos que aparece na acta nº 4 é o guión empregado polo propio tribunal para cualificar o suposto concreto formulado por este e cuxa publicación previa daría lugar ao coñecemento do enunciado do caso práctico.

Os criterios establecidos nas bases e a indicación da puntuación por pregunta estaban detalladas con suficiente desglose e claridade para que o opositor tivera información suficiente sobre as valoracións e a forma de distribución da puntuación.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Web://www.concellocarral.com Sede Electrónica://sede.carral.es Email: correo@carral.es

- En relación coa alegación presentada por dona Paula González Pazos (RE 202699900000177) na que expón:

“(..) 1º. La respuestas a las preguntas 1, 2 y 4 se realiza de forma concreta, haciendo referencia al caso práctico que procedía resolver, y contestando así a todas las preguntas de manera precisa.

De la misma manera, la aplicación de los conocimientos teóricos al supuestos se refleja en cada una de las 3 preguntas mencionadas, resolviendo de manera correcta el ejercicio.

Considero que se ha sido muy preciso en las respuestas del ejercicio y se ha analizado de manera correcta la información que se detallaba en el supuesto, dejando ver los conocimientos teóricos y la aplicación de éstos al caso práctico.(...)

O tribunal considera que os criterios empregados para a corrección son os publicados nas bases co desglose que se contén na acta publicada e que foron aplicados polo tribunal en base ao seu prudente criterio. Unha vez revisado o exame, por unanimidade, mantense a puntuación inicial.

En conclusión, o **TRIBUNAL POR UNANIMIDADE ACORDA:**

PRIMEIRO.- Desestimar as alegacións presentadas por don Alberto Ruíz Valencia, dona María Belén Lourés Barreiro e dona Paula González Pazos ao abeiro das conclusións recollidas anteriormente.

SEGUNDO.- Dar por concluída a fase de oposición, xa que non hai aspirantes que deban realizar o terceiro exame (proba coñecemento da lingua galega), e proceder á valoración de méritos (fase de concurso) dos aspirantes que superaron o segundo exame que terá lugar o vindeiro venres 13 de febreiro de 2026, ás 11:30 horas, no salón de plenos do Concello de Carral.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as 11:30 horas do día da data, estendéndose a presente acta para constancia de todo o acordado, asinándose electronicamente nas datas e horas que figuran á marxe pola secretaria e a presidenta do tribunal para a súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello para xeral coñecemento.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Web://www.concellocarral.com Sede Electrónica://sede.carral.es Email: correo@carral.es

A secretaria

A presidenta